



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Vigo-A Guarda



XUNTA
DE GALICIA

Guía da estratexia

Tendendo pontes



Cofinanciado por la
Unión Europea

Que é a EDLP “Tendendo pontes” do GALP Ría de Vigo - A Guarda?

A Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) é un documento baseado nos recursos e nas necesidades do territorio e cuantificado con obxectivos. Contou para o seu deseño coa participación de organizacións públicas e privadas implantadas no territorio, vinculadas aos seguintes sectores: pesqueiro, social, económico e público.

No caso do GALP Ría de Vigo-A Guarda será o documento que estableza que accións e proxectos son máis axeitados para o desenvolvemento do territorio, conformado polos concellos de Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda.

Que utilidade ten?

A EDLP será o documento que estableza como impulsar e implementar iniciativas empresariais, medioambientais, culturais e sociais incluídas nun marco de liñas de actuación que permitan promover actividades económicas competitivas e eficientes no uso dos recursos, procurando o benestar social e protexendo o capital cultural, social e medioambiental; integrando as actuacións dende unha perspectiva de igualdade de xénero; e minimizando o impacto no medio para lograr a sostibilidade medioambiental, e que á súa vez contribúan os obxectivos no Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).



Que obxectivos persegue?

A EDLP “Tendendo Pontes” do GALP Ría de Vigo-A Guarda persegue os seguintes seis obxectivos estratéxicos:

.01

Aumento do valor, creación de emprego, valoración e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministración dos produtos da pesca e da acuicultura, e mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

.02

Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas devanditas zonas.

.03

Impulso e aproveitamento do patrimonio ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo as operacións de mitigación do cambio climático.

.04

Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo.

.05

Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais

.06

Cooperación



Que liñas de actuación recolle a EDLP?

A continuación detállanse as actuacións seguindo a orde lóxica de obxectivos estratéxicos e específicos:

Obxectivo estratéxico 1

Aumento do valor, creación de emprego, valoración e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministración dos produtos da pesca e da acuicultura, e mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio

Obxectivo específico 1.1

Incrementar o valor engadido dos produtos da pesca artesanal, o marisqueo e a acuicultura

Liña 1.1.1: Mellora dos procesos de manipulación, envasado, procesado, conservación e almacenamento

Actuacións subvencionables

Innovación en procesos de manipulación e envasado, con especial consideración do envasado ecolóxico

Implantación de novos sistemas de refrixeración e conxelación máis eficientes enerxeticamente e menos contaminantes e que melloren os estándares de calidade do produto

Implantación de novo equipamento de loxística interna en zonas de almacenamento

Implantación de novos sistemas de procesado innovadores e máis eficientes enerxeticamente

Liña 1.1.2. Desenvolvemento de produtos innovadores

Actuaciones subvencionables

Desenvolvemento de novos produtos de alto valor engadido con diferenciación nos mercados

Desenvolvemento de novos produtos con base na valorización de subprodutos e descartes pesqueiros e residuos procedentes da acuicultura e, en xeral, aplicación de sistemas baseados na economía circular

Desenvolvemento de proxectos de colaboración co ecosistema de I+D+I e o sector da restauración para o desenvolvemento de novos produtos

Valorización dos produtos a pesca artesanal, o marisqueo e a acuicultura a través de proxectos de biotecnoloxía

Liña 1.1.3: Innovación nos procesos de comercialización

Actuaciones subvencionables

Novos procesos de comercialización a través das tecnoloxías dixitais (poxas presenciais abertas en contornos virtuais co obxectivo de reducir a cadea de distribución)

Actuacións para levar a cabo a agrupación da oferta no territorio e desenvolver cadeas curtas de comercialización a través das novas tecnoloxías e procesos con maior eficiencia enerxética

Desenvolvemento de sistemas de rastrexabilidade alimentaria na cadea de valor baseados nas novas tecnoloxías dixitais, con impacto na seguridade alimentaria e a diferenciación cara ao consumidor

Obxectivo específico 1.2

Promover a incorporación da muller en oficios e postos nos que estea subrepresentada no sector da pesca artesanal, o marisqueo e a acuicultura, así como a incorporación das persoas mozas ao sector marítimo-pesqueiro

Liña 1.2.1: Capacitación de mulleres e persoas mozas (menores de 35 anos) para o desenvolvemento de actividades da pesca, o marisqueo e a acuicultura

Actuaciones subvencionables

Formación e capacitación de mulleres e persoas mozas para a adquisición de competencias co fin de conseguir a súa incorporación e a profesionalización no sector marítimo-pesqueiro. Enfoque orientado ao relevo xeracional, promocionando dende a formación básica ata a formación continua dos profesionais

Apoio a incubadoras e aceleradoras de empresas para o desenvolvemento de proxectos de creación de empresas innovadoras por parte de mulleres e persoas mozas no sector marítimo-pesqueiro

Formación en competencias dixitais e sostibilidade para mulleres e persoas mozas emprendedoras

Fomento da conciliación familiar. Fomento de redes de apoio ás mulleres do mar con persoas ao seu cargo, co fin de garantir a conciliación e a incorporación ao mercado laboral

Información e talleres de orientación laboral para a incorporación das persoas mozas ao sector marítimo-pesqueiro e actividades vinculadas

Obxectivo específico 1.3

Promover o consumo dos produtos da pesca artesanal, o marisqueo e a acuicultura e a súa actividade produtiva

Liña 1.3.1: Promoción do consumo do produto local e dos produtos da pesca artesanal, o marisqueo e a acuicultura e a súa actividade produtiva

Actuaciones subvencionables

Campañas promocionais dos produtos da pesca artesanal, o marisqueo e a acuicultura local en mercados de proximidade

Campañas promocionais colectivas en redes sociais e custos de posicionamento de plataformas de concentración da oferta

Campañas de difusión dos valores e sistemas de xestión sostibles da pesca costeira artesanal destinada á sociedade en xeral

Incorporación de sistemas para desenvolver actuacións de márketing dixital para a difusión de produtos e sistemas de xestión da pesca costeira artesanal



Obxectivo estratéxico 2

Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas devanditas zonas.

Obxectivo específico 2.1

Mellorar a competitividade dos sectores tradicionais da economía azul, como son a pesca artesanal, o marisqueo e a acuicultura, a través da colaboración con outras actividades vinculadas a ela

Liña 2.1.1: Promoción da innovación a través das TIC e a dixitalización de procesos da cadea de valor

Actuaciones subvencionables

Apoio á incorporación de sistemas dixitais para a xestión sostible da actividade pesqueira e marisqueira e actividades vinculadas como o salvamento marítimo e a vixilancia

Desenvolvemento de tecnoloxías dixitais para levar a cabo a xestión do medio e dos recursos (seguimento de explotacións, controis medioambientais, control de saúde animal etc.)

Desenvolvemento de sistemas de información nos mercados dos produtos da pesca orientados á concentración da oferta e ao incremento da demanda (proxectos colaborativos)

Formación e capacitación en tecnoloxías dixitais para a súa aplicación no sector marítimo-pesqueiro

Liña 2.1.2: Implantación e desenvolvemento de enerxías renovables e medidas de eficiencia enerxética nos procesos da cadea de valor

Actuaciones subvencionables

Implantación de enerxías renovables nos procesos da cadea de valor do sector marítimo-pesqueiro

Valorización da biomasa mariña, as algas e as microalgas a través de proxectos con outros sectores (bioenerxía, agricultura...)

Seguimento de instalacións, estudos de eficiencia enerxética e implantación de medidas de aforro enerxético



Liña 2.1.3: Promoción da transición ecolóxica e a economía circular dentro do sector da economía azul

Actuaciónes subvencionables

Desenvolvemento de novos produtos baseados na reciclaxe de materiais utilizados polo sector marítimo-pesqueiro

Desenvolvemento de novos produtos transformados da pesca, o marisqueo e acuicultura con base no aproveitamento de residuos dos procesos de manipulación

Plans de xestión e tratamento de residuos e contaminantes do medio mariño

Plans de formación e capacitación en economía circular

Actividades culturais e difusión para o fomento de prácticas responsables e coidado do medio mariño

Valorización dos produtos da pesca artesanal, o marisqueo e a acuicultura a través de proxectos de biotecnoloxía e outros sectores que acheguen valor

Actuación 2.1.4. Promoción do turismo de calidade nas zonas pesqueiras e acuícolas

Actuaciónes subvencionables

Promoción de proxectos de hostalería rural costeira que poñan en valor o patrimonio e a cultura mariñeira, que leven apareladas medidas de eficiencia enerxética e de sostibilidade ambiental

Promoción de proxectos sostíbles de colaboración entre o sector pesqueiro, o sector de restauración-hostalería e o sector turístico para a dinamización do territorio do GALP e a promoción de produtos do sector pesqueiro

Aplicación das novas tecnoloxías no sector turístico do territorio para a mellora da eficiencia operativa, da experiencia dos clientes, da eficiencia enerxética e de medidas medioambientais, que leven aparelada a difusión do patrimonio e a cultura mariñeira da zona

Incentivar as actividades que dinamicen o territorio: empresas de actividades e deportes náuticos, infraestruturas para persoas con discapacidades, turismo mariñeiro, patrimonio náutico, pesca deportiva e actividades en xeral que poñan en valor o patrimonio medioambiental, o patrimonio material, a cultura mariñeira e a gastronomía

Fomento de actividades fóra do período estival, co fin de ir diminuindo a estacionalidade do turismo, realizando alianzas entre as empresas do sector e atraendo novas tipoloxías de turistas (por exemplo, aproveitando a alta navegabilidade da ría de Vigo ao longo de todo o ano)

Fomento de proxectos que promovan a cociña atlántica (as algas, os vexetais de costa etc.)

Obxectivo estratéxico 3

Impulso e aproveitamento do patrimonio ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo as operacións de mitigación do cambio climático

Obxectivo específico 3.1

Protección, conservación e restauración ambiental de ecosistemas do territorio

Liña 3.1.1: Actuacións para adaptarse aos efectos do cambio climático

Actuacións subvencionables

Estudos en colaboración co ecosistema de I+D+i sobre as consecuencias do cambio climático no territorio do GALP que permitan programar un plan de continxencias sobre o medio e os recursos; promover canles de comunicación e colaboración entre a comunidade científica e o sector do mar; levar a cabo estudos sobre as repercusións do cambio climático na biodiversidade e nas explotacións pesqueiras e marisqueiras do ámbito territorial do GALP e plans de recuperación da biodiversidade en zonas costeiras compatibles con explotacións pesqueiras o marisqueiras sostibles

Proxectos de control da evolución dos parámetros críticos do medio e dos recursos (nivel de salinidade e nivel do mar, de sedimentos dos ríos e da produtividade explotacións en xeral). Plans de conservación do medio mariño e dos recursos no ámbito do territorio do GALP. Proxectos de recuperación de stocks pesqueiros e marisqueiros. Estudos sobre biorremediación de zonas para recuperar e proxectos de recuperación de hábitats degradados

Talleres de formación nos sectores do contorno do GALP sobre o impacto do cambio climático e a súa repercusión no territorio. Estes talleres de formación deben dar lugar a medidas concretas para mitigar o cambio climático nos sectores obxecto dos plans formativos

Obxectivo específico 3.2

Posta en valor do patrimonio ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas

Liña 3.2.1: Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio ambiental

Actuacións subvencionables

Promoción de proxectos sostibles que poñan en valor e promovan a conservación dos espazos de protección medioambiental (Parque das Illas Atlánticas, Rede Natura...) e a xestión sostible e os valores da pesca costeira artesanal

Desenvolvemento de soportes e contidos dixitais para a difusión do patrimonio ambiental do territorio do GALP que poidan servir de base para a conservación do medio, para plans formativos, actividades culturais ou como contidos para o sector turístico

Promoción de observatorios medioambientais que contribúan á conservación e á promoción do medio e dos recursos do territorio

Plan de recuperación de rutas costeiras e sendeiros litorais sostibles que permitan a posta en valor dos elementos do patrimonio medioambiental

Programación de accións formativas, de concienciación e divulgación da necesidade de conservación do medio, a biodiversidade e a paisaxe na costa

Obxectivo estratéxico 4

Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluído o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo

Obxectivo específico 4.1

Fomento do patrimonio cultural material e inmaterial

Liña 4.1.1: Promoción, conservación e rehabilitación do patrimonio de zonas pesqueiras e acuícolas

Actuaciones subvencionables

Dixitalización do patrimonio cultural material e inmaterial para a súa conservación, que inclúa a difusión ou a posta en valor. Traballos de recompilación de tradicións, creacións inmateriais, oficios tradicionais e espazos do patrimonio marítimo

Apoio á creación de espazos físicos e dixitais relacionados coa difusión da cultura mariñeira que inclúan actividades de dinamización e difusión en medios dixitais

Proxectos de recuperación e difusión de oficios tradicionais vinculados ao sector marítimo-pesqueiro

Conservación, rehabilitación ecoeficiente e promoción de novos usos do patrimonio material marítimo-pesqueiro (patrimonio cultural, talleres de artesanía, patrimonio industrial, casas mariñeiras...) para a súa posta en valor social para a comunidade do territorio ou para desenvolver actividades turísticas

Equipamentos, instalacións e infraestruturas relacionadas co patrimonio marítimo e as actividades náuticas

Obxectivo específico 4.2

Fomento do benestar social da comunidade do territorio

Actuación 4.2.1: Promoción de servizos de benestar social e atención ás persoas con discapacidades (PCD) no ámbito do territorio do GALP

Actuaciones subvencionables

Proxectos que promovan a inclusión laboral, social, cultural e recreativa de colectivos vulnerables

Promoción de proxectos de servizos de asistencia destinados a colectivos vulnerables

Promoción de empresas de base tecnolóxica orientadas á inclusión de colectivos vulnerables

Apoio á creación de espazos habitacionais e estruturas residenciais, onde as persoas mozas e, en especial, as persoas con discapacidade, residentes en zonas costeiras, poidan vivir de maneira independente, coa suficiente calidade de vida, e que lles permitan poder acceder ao mercado laboral

Plans de adaptación de espazos laborais e culturais para persoas con discapacidades

Campañas de sensibilización para o sector sobre o desempeño de determinados empregos por persoas con discapacidade

Formación e capacitación de persoas pertencentes a colectivos vulnerables e en especial con PDCI (persoas con discapacidade intelectual). Orientación á formación en dixitalización, transición ecolóxica e economía circular aplicada ao sector marítimo-pesqueiro. Proxectos para facilitar a súa incorporación laboral ao sector marítimo-pesqueiro ou en actividades auxiliares desde a terra (turismo mariñeiro, actividades ecolóxicas, sistemas de información, reparación e reciclaxe de envases, aproveitamento da biomasa mariña e, en xeral, procesos de economía circular etc.)

Obxectivo estratéxico 5

Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais

Obxectivo específico 5.1

Desenvolvemento e mellora de procesos de gobernanza


Liña 5.1.1: Creación de ferramentas de colaboración para a mellora da gobernanza

Actuacións subvencionables

Promoción da colaboración público-privada. Creación de espazos de encontro e desenvolvemento de proxectos con universidades, Administracións e, en xeral, co ecosistema de I+D+i

Implicación do persoal técnico ao servizo do sector. Desenvolver mesas de participación para a promoción de estudos, proxectos e asesoramento activo, así como a creación de ferramentas de coordinación para a execución de proxectos e asegurar a asignación de recursos

Reforzo da participación e o liderado feminino no GALP a través da creación de redes de colaboración de mulleres





Obxectivo estratéxico 6

Cooperación

Obxectivo específico 6.1

Conxunto de accións potenciais de colaboración con outros GALP

Liña 6.1.1: Conxunto de accións potenciais de colaboración con outros GALP

Actuacións subvencionables

Promoción do consumo de produtos pesqueiros locais da pesca costeira artesanal, do marisqueo e a acuicultura, que garantan a súa rastrexabilidade.

Proxectos que impliquen a innovación e/ou a transformación dos recursos e/ou produtos ou subprodutos do mar

Proxectos que reforcen a alimentación saudable: consumo de proximidade de produtos do mar ou con produtos do agro

Proxectos de turismo mariñeiro ou pesca e turismo

Proxectos de aproveitamento dos recursos do mar e dos residuos xerados nas actividades pesqueiras para novos usos

Promoción da conexión das actividades náuticas (deportivas, recreativas, turísticas) co sector pesqueiro ou coa posta en valor dos recursos do mar

Proxectos de valorización do patrimonio cultural material e inmaterial sobre os recursos e a cultura marítimo-pesqueira

Proxectos de posta en valor do contorno ambiental da zona costeira, que impliquen o sector ou os produtos pesqueiros

Proxectos que reforcen a economía circular nas actividades marítimo-pesqueiras

Proxectos que impliquen a dignificación dos oficios (tradicional e actuais) marítimo-pesqueiros

Proxectos innovadores que incidan no relevo xeracional no sector pesqueiro

Proxectos que reforcen o apoderamento das mulleres no sector, fomenten o asociacionismo, melloren as condicións de traballo e a súa visibilidade

Proxectos que promovan unha maior vinculación das entidades de inclusión social coas actividades marítimo-pesqueiras ou o sector pesqueiro

Proxectos que poñan en valor boas prácticas ou intercambio de experiencias na execución do Fondo

Proxectos de mellora da gobernanza nas confrarías de pescadores e de reforzo do seu liderado na dinamización do territorio

Que criterios se avalían para a selección dos proxectos?

MATRIZ MULTICRITERIO			
Nº	CRITERIOS	VAL.MIN.	VAL. MAX
1	Tipoloxía do proxecto		35
1.1	Pertenza ao sector da pesca ou sexa familiar directo de primeiro grado de consanguinidade.	0	15
1.2	Tipo de entidade promotora	0	15
1.3	Innovación	0	5
2	Transformación dixital	Outorgarase 10 puntos por cumprir-implantar actuacións -medidas de transformación dixital	10
3	Transformación ecolóxica		10
3.1	Adaptación ao cambio climático	Outorgarase 5 puntos por cumprir-implantar medidas que contribúan a adaptación o cambio climático	5
3.2	Transición enerxética	Outorgarase 5 puntos por cumprir-implantar medidas que contribúan a transición enerxética	5
4	Sostibilidade		15
4.1	Conservación dos recursos e do medio	Outorgarase 5 puntos por cumprir-implantar medidas que contribúan a conservación dos recursos e do medio	5
4.2	Economía circular	Outorgarase 5 puntos por cumprir-implantar medidas que contribúan a economía circular	5
4.3	Carácter dinamizador do territorio	Outorgarase 5 puntos por cumprir-implantar medidas que teñan un carácter dinamizador do territorio	5
5	Igualdade de oportunidades		15
5.1	Perfis dos órganos de xestión e accesibilidade universal	0	5
5.2	Perspectiva de xénero	5 (**)	10
6	Creación e mantemento do emprego		15
6.1	Posto de traballo creado ou mantido en xeral	Outorgaranse 5 puntos por cada posto de traballo creado e/ou mantido en xeral, por conta propia ou por conta aliea de carácter indefinido (1 UTA) do proxecto obxecto da axuda.	15
6.2	Posto de traballo creado ou mantido nos seguintes colectivos:	Outorganse 10 puntos por cada posto de traballo creado e/ou mantido nos seguintes colectivos: Persoas que acrediten ter traballado no sector da pesca, muller, persoas menores de 30 anos, persoas maiores de 45 anos, persoas desempregadas de longa duración (>12 meses), persoas con discapacidade (>33%), persoas desempregadas que se atopen en risco de exclusión social (acreditadas polo servizos sociais municipais)	15

(*) A descrición de cada un dos subcriterios recollidos na táboa anterior recóllese no apartado 7.2.3 da EDLP

(**) Criterio excluínte: deberá acadarse unha puntuación mínima de puntos segundo o descrito no apartado 7.2.3 da EDLP



Cal é a intensidade da axuda?

A intensidade de axuda dependerá da puntuación acadada no proxecto presentado, cuxa escala é a seguinte:

Puntuación	Intensidade da axuda
<40 puntos	0%
Puntuación mínima: 40 puntos	30%
De 41 a 59 puntos	Cálculo proporcional
Puntuación na que se acadará a máxima intensidade da axuda: ≥60	50%

(*) Se a operación está vinculada á pesca costeira artesanal e é de interese colectivo e beneficiario colectivo, a axuda incrementarase nun 50 %

(**) Se a operación se leva a cabo por organizacións de pescadores ou beneficiarios colectivos do sector pesqueiro non vinculados á pesca costeira artesanal, a axuda incrementarase nun 10 %.

Cal é o importe máximo da axuda?

Aplicación da EDLP	
Importe máximo de axuda	100 % Límite máximo xeral de 200 000 € por proxecto
Importe máximo de axuda non promovido polo sector pesqueiro	50 % Límite máximo xeral de 200 000 € por proxecto
Importe máximo en regulamentos de exención de axudas de estado	50 % Límite máximo xeral de 200 000 € por proxecto



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Vigo-A Guarda



XUNTA
DE GALICIA



Cofinanciado por la
Unión Europea